

CIG-SAÚDE *informa*

COMISIÓN CENTRAL DE CONTRATACIONES. 25 DE XUÑO DE 2019

1. Información xeral do pacto.

Xullo:

- Listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as e resultados provisionais das categorías de:
 - Grupo técnico e grupo xestión da función administrativa, enxeñeiro/a técnico/a, técnico/a superior e técnico/a grao medio de PRL; técnico/a superior, técnico/a xestión e técnico/a especialista en sistemas e tecnoloxías da información.

Setembro:

- Listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as e resultados definitivos das categorías de:
 - Médico/a do Traballo, psicólogo/a clínico/a, farmacéutico/a de atención primaria, fisioterapeuta, logopeda, médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061, odontólogo/a de atención primaria, terapeuta ocupacional e traballador/a social.
 - Grupo técnico e grupo xestión da función administrativa, enxeñeiro/a técnico/a, técnico/a superior e técnico/a grao medio de PRL; técnico/a superior, técnico/a xestión e técnico/a especialista en sistemas e tecnoloxías da información.

2. Solicitude da EOXI de Ourense de redución do nº de titulares da lista de pinches.

Acéptase a redución de 10 a 7 o nº de titulares da lista de pinches no distrito de Ourense.

3. Pacto de selección de persoal licenciado sanitario de atención especializada.

CIG-Saúde solicitamos que a aceptación dos chamamentos para a cobertura en distritos limítrofes sexa voluntaria. Así mesmo solicitamos a revisión do Anexo IV de distritos limítrofes por considerar excesivo que se esixa a cobertura de desprazamentos de máis de 2 horas.

CIG-Saúde solicitamos que se estableza unha preferencia dentro dos distritos sanitarios preferentes e que se oferten os contratos de longa duración dentro dos distritos preferentes.

A Administración comprometeuse a acordar antes da publicación das listas definitivas de FEAs (1º trimestre de 2020) na comisión central que considere voluntaria a aceptación de chamamentos para a cobertura en distritos limítrofes.

Unha vez implantadas as listas aceptan que nunha comisión técnica se valoren outras melloras do pacto de selección temporal de FEAs.

4. Rogos e preguntas:

- A Administración comunica que en aplicación do punto III.4.4. se vai a proceder a **limitar as novas suspensións de chamamentos na categoría de médico/a de familia** mentres dure a situación de indisponibilidade de aspirantes.
- **CIG-Saúde** solicitamos que se utilicen as listas de enfermeira/o especialista en enfermería familiar e comunitaria, e de pediatría, con carácter preferente para as coberturas de curta duración nos ámbitos destas categorías, tal e como se acordou no seu día para as enfermeiras/os especialistas en saúde mental. A administración tomou nota e ningún outro sindicato se posicionou ao respecto.
- **CIG-Saúde** denunciámos o tratamento que lles está a dar a xerencia de Vigo ás aspirantes embarazadas, negándolles contratos polo feito de estar embarazadas. Esiximos a aplicación do acordo da comisión central de contratacións do 21 de outubro de 2014:

Chamamentos de aspirantes en situacións de embarazo

De conformidade co Pacto o chamamento das persoas aspirantes debe efectuarse respectando a rigorosa orde de prelación nas listas que resulte da puntuación acadada.